

**► 20 Novembro, 2020**

## O Xunqueira I conmemora o Día Universal da Infancia

PONTEVEDRA. Os alumnos e alumnas do IES Xunqueira I participou onte no acto conmemorativo polo Día Universal dos Dereitos da Infancia 'Protagonistas da nosa educación', que estivo organizado por a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia en coordinación. Os alumnos participantes traballaron máis a máis coa Fundación Secretariado Gitano,

que contou con representantes no centro durante o momento das exposicións. O evento desenvolveuse na biblioteca do centro durante a xornada lectiva da mañá.

Este ano, por mor da situación sanitaria derivada da pandemia do coronavirus, o acto realizouse de maneira virtual. Nel participaron sete grupos de centros educativos do ámbito rural e urbano



Alumnos do Xunqueira I expondo o seu traballo. JAVI CERVERA-MERCADILLO

de todas as provincias. Ademais de conectarse cos outros seis equipos, os alumnos do Xunqueira I tamén o fixeron con Fabiola García, Conselleira de Política Social, e co director de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey.

O alumnado tivo a oportunidade de expor unha temática relacionada cos seus dereitos e tamén de lanzarlle unha pregunta á conselleira sobre o tema. A temática na que traballaron os mozos e mozas do IES Xunqueira I foi 'Novas metodoloxías'.